



Concello de Cangas

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 5 DE DECEMBRO DE 2016

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 5 de decembro de 2016.

HORA DE COMEZO: 20:35 h.

HORA DE REMATE: 21:20 h.

ASISTENTES: D. Xosé Manuel Pazos Varela (alcalde-presidente), D^a Mercedes Giráldez Santos, D. Xoán Carlos Chillón Iglesias e D. Tomás Hermelo Álvarez.

AUSENTES: D. Mariano Abalo Costa, D. Andrés García Bastón, D. Héitor Mera Herbelo e D^a Ángela Vizoso Marcos.

SUPLENTES: D^a Tania Castro Paredes e D^a Eva Rodríguez Calvar.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e o interventor, D. Sergio Curra Moreira, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 21 DE NOVEMBRO DE 2016

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 21 de novembro de 2016.

OBRAS E SERVIZOS

2º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN

2.A) SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN DE ESTRADA SEN SAÍDA EN VILANOVA-O HÍO

Vista a solicitude presentada o día 28.11.2016 por J.C.G., na que reclama a sinalización de estrada sen saída no lugar de Estrada de Vilanova, nº 76-O Hío.



Concello de Cangas

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, de conformidade co informe favorable emitido o día 02.12.2016 pola Policía Local, acorda o seguinte:

Primeiro.- Autorizar a sinalización de estrada sen saída no lugar de Estrada de Vilanova, nº 76-O Hío, demandada polo Sr. C.G.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao interesado e aos departamentos de Policía Local e Oficina Técnica Municipal.

2.B) SOLICITUDE DE INSTALACIÓN DE ESPELLO NO GATAÑAL, Nº 2-DARBO

Vista a solicitude presentada o día 15.11.2016 por J.C.D.H., na que demanda a instalación de espello na saída da súa propiedade sita no Gatañal, nº 2-Darbo.

Visto, así mesmo, o informe emitido o día 01.12.2016 pola Policía Local, no que se indica o seguinte:

"Nº REX: 2282/16

ASUNTO: PEDIMENTO DE ESPELLO NO GATAÑAL, Nº 2-DARBO

A Policía Local de Cangas con relación ao escrito presentado por J.C.D.H., no que solicita a instalación dun espello para mellorar a visibilidade da saída da súa propiedade sita no Gatañal, nº 2-Cangas.

Infórmase que se trata da saída dunha propiedade privada e polo tanto dun interese particular.

Que por non tratarse dunha intersección de uso común ou de interese público xeral para o resto de condutores, esta policía considera que non se debería instalar espellos públicos nestas circunstancias.

Por parte desta policía non existe inconveniente en conceder o autorizado, sempre e cando a instalación sexa pola conta do interesado".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, de conformidade co informe favorable emitido o día 02.12.2016 pola Policía Local, acorda o seguinte:

Primeiro.- Autorizar a instalación de espello no Gatañal, nº 2-Darbo, demandada polo Sr. D.H.



Concello de Cangas

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao interesado e aos departamentos de Xestión de Ingresos e Policía Local.

2.C) SOLICITUDE DE BORRADO DE SINALIZACIÓN DE PERSOAS DISCAPACITADAS

Vista a solicitude presentada o día 21.11.2016 por J.A.G.G., na que demanda o borrado de sinalización de persoas discapacitadas no lugar de Telleiro, nº 8-O Espírito Santo-Coiro.

Visto, así mesmo, o informe emitido o día 30.11.2016 pola Policía Local, no que se indica o seguinte:

"Nº REX: 2280/2016

ASUNTO: PETICIÓN DE BORRADO DE SINALIZACIÓN DISCAPACITADOS

A Policía Local de Cangas con relación a solicitude de J.A.G.G., onde solicita o borrado da sinalización de persoas discapacitadas, infórmase:

No lugar existe garaxe con placa de pasaxe permanente, enfronte a dita entrada está pintada unha praza de reservado para persoas discapacitadas pero actualmente carece de sinalización vertical.

Pode ser probable que se estacionan en dito reservado dificulten a manobra de incorporación ou saída de vehículos de dito pasaxe permanente.

No suposto que se autorizase o pintado de amarelo na zona de discapacitados, levaría unha reserva da vía pública a maiores do sinal de pasaxe permanente concedida".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

Primeiro.- Aprobar o informe transcrito anteriormente emitido pola Policía Local.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao interesado e aos departamentos de Xestión de Ingresos, Policía Local e Oficina Técnica Municipal.

2.D) SOLICITUDE DE SINALIZACIÓN DE PROHIBIDO ESTACIONAR EN TRAMO DO CAMIÑO DO PIÑEIRO-DARBO

Vista a solicitude presentada o día 25.11.2016 por T.R.M., na que demanda sinalización de prohibido estacionar en tramo do Camiño do Piñeiro-Darbo.



Concello de Cangas

Visto, así mesmo, o informe emitido o día 01.12.2016 pola Policía Local, no que se indica o seguinte:

"Nº REX: 2284/16

ASUNTO: SINALIZACIÓN DE PROHIBIDO ESTACIONAR NO TRAMO DO CAMIÑO DO PIÑEIRO-DARBO

A Policía Local de Cangas con relación ao escrito presentado por T.R.Mi., con enderezo no Piñeiro nº 34-Darbo, no que solicita sinalización para un tramo de dito camiño.

Non existe inconveniente en conceder o solicitado posto que o estacionamento nese tramo de vía non permite que dous vehículos podan circular á vez e os peóns teñen que invadir a parte central da vía.

Deberíase pintar e delimitar os carrís de circulación con sinalización horizontal e deixar unha zona de exclusión para unha senda peonil no tramo descrito pola solicitante".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

Primeiro.- Aprobar o informe transcrito anteriormente emitido pola Policía Local, así como tamén a sinalización de limitación de velocidade no camiño de Piñeiro-Darbo.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo á interesado e aos departamentos de Policía Local e Oficina Técnica Municipal.

URBANISMO E PATRIMONIO

3º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 30 DE NOVEMBRO DE 2016, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

3.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

3.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licencias urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:



Concello de Cangas

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/á interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e construtor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os danos que puidesen



Concello de Cangas

ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa construtora, deberáse comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 25.966. - A M.R.F., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Poio, nº 6-Cangas, para en rúa Poio, nº 6-Cangas, solo urbano residencial e terciario, regulado pola Ordenanza 6, realizar unha ampliación de edificación existente de 121,30 m²., de aproveitamento baixo cuberta e 5,60 m²., de terrazas ou escaleira, de conformidade co proxecto básico elaborado polo arquitecto T.F.A., de data xullo de 2015, condicionado a presentar proxecto de execución de obras visado e oficio co nomeamento do director de obras e de execución, a cumprir co sinalado na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación e tamén en canto a obriga de conexión cos servizos existentes no núcleo e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza.

EXPEDIENTE Nº 21.948.- LICENZA MUNICIPAL Nº 22.836.- A A.A.G.P. E N.P.F., con enderezo en Baixada á Praia de Nerga, nº 62-O Hío, outórgaselle un novo prazo de TRINTA E SEIS MESES, para o remate das obras incluídas na referida licenza, de conformidade co disposto no art. 145.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 24.751.- LICENZA MUNICIPAL Nº 21.206.- A P.F.F., con enderezo en rúa Noria, nº 2-4ºF-Cangas, outórgaselle un novo prazo de TRINTA E SEIS MESES, para o remate das obras incluídas na referida licenza, de conformidade co disposto no art. 145.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

4º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:



Concello de Cangas

APERTURAS

EXPEDIENTE Nº 1.964/16. - A "RINOCERONTE EDITORA, SLU", apertura de local para café-cervexería en rúa Antonio Nores, nº 16-Cangas.

5º.- EXPEDIENTES DE DISCIPLINA URBANÍSTICA

5.A) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXPEDIENTE DE INFRACIÓN URBANÍSTICA Nº 12/2016-S

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 01.12.2016, referente ao expediente de infracción urbanística nº 12/2016-S, que é como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

EXPEDIENTE Nº 12/2016-S

Concluído o expediente de protección da legalidade urbanística incoado respecto dos actos de construción que se levaron a cabo sen a preceptiva licenza municipal, no lugar de Rabáns-O Hío, consistentes en: realizar dúas edificacións de planta baixa de 60,00 m²., así como cerramentos de 2,00 metros de alto.

Sendo a resolución do expediente anteriormente citado recaída con data 17 de agosto do 2016 a de considerar as obras mencionadas como ilegalizables por ser incompatibles coas determinacións urbanísticas establecidas ao respecto nas Normas Subsidiarias de Planeamento de Cangas.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados Manuel Freire Pateiro, promotor.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia pode tipificarse en principio como grave segundo sinala o artigo 158.3 da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6.001 a 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 161.1 .b) da referida Lei 2/16, indicándolle ao infractor que as sancións impostas ao abeiro deste lei reduciranse na súa contía nun 50% se son aboadas no prazo de período voluntario e neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade con estas e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.



Concello de Cangas

Visto o establecido nos artigos 157 ó 164 da Lei 2/16 e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163.c da citada lei.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes de sanción en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Incoar expediente de sanción por infracción urbanística de conformidade coa Lei 2/2016 de 10 de febreiro, do solo de Galicia polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.

SEGUNDO.- Nomear como órgano instructor do procedemento de sanción a María Rodríguez Gómez, sendo secretaria deste a do concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento de sanción é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, en virtude do artigo 163.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia da Lei 7/85 e Decreto de delegación de data 2 de xullo de 2015.

CUARTO.- Indicar aos interesados o dereito que lles concede o artigo 161.4 da Lei 2/2016 de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que terá dereito a unha redución do 90% da sanción que debe impoñerse no caso de que repoña por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento de sanción.

QUINTO.- Comunicar ao instructor a iniciación do expediente con traslado de cantas actuacións existan respecto diso e simultaneamente, notificar a presente resolución (de selo caso ao denunciante) aos interesados, indicándolles que disporán dun prazo de QUINCE DÍAS para achegar cantas alegacións, documentos e información estimen convenientes e, no seu caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse, quedando o expediente a súa disposición na oficina de Urbanismo, advertindo aos interesados de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN.

SEXTO.- Advertir aos interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

SÉTIMO.- Notifíquese o acordo aos interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa, e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non



Concello de Cangas

cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime mais conveniente”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente ao expediente de sanción por infracción urbanística nº 12/2016-S.

5.B) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXPEDIENTE DE INFRACIÓ URBANÍSTICA Nº 41/2015-S

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 01.12.2016, referente ao expediente de infracción urbanística nº 41/2015-S, que é como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

EXPEDIENTE Nº 41/2015-S

Concluído o expediente de protección da legalidade urbanística incoado respecto dos actos de construción que se levaron a cabo sen a preceptiva licenza municipal, no lugar de Balea-Darbo consistentes en: realizar a ampliación do semisoto.

Sendo a resolución do expediente anteriormente citado recaída con data 7 de setembro do 2016 a de considerar as obras mencionadas como ilegalizables por seren incompatibles coas determinacións urbanísticas establecidas ó respecto nas Normas Subsidiarias de Planeamento de Cangas, ordenanza de aplicación URNU.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados 'FONT PORT, SL', promotor.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia pode tipificarse en principio como grave segundo sinala o artigo 158.3 da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6.001 a 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 161.1 .b) da referida Lei 2/16, indicándolle ao infractor que as sancións impostas ao abeiro deste lei reduciranse na súa contía nun 50% se son aboadas no prazo de período voluntario e, neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade con estas e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.



Concello de Cangas

Visto o establecido nos artigos 157 ó 164 da Lei 2/16 e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163.c) da citada lei.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes de sanción en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Incoar expediente de sanción por infracción urbanística de conformidade coa Lei 2/2016 de 10 de febreiro, do solo de Galicia polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.

SEGUNDO.- Nomear como órgano instrutor do procedemento de sanción a María Rodríguez Gómez, sendo secretaria deste a do Concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento de sanción é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, en virtude do artigo 163.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia da Lei 7/85 e Decreto de delegación de data 2 de xullo de 2015.

CUARTO.- Indicar aos interesados o dereito que lles concede o artigo 161.4 da Lei 2/2016 de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que terá dereito a unha redución do 90% da sanción que debe impoñerse no caso de que repoña por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento de sanción.

QUINTO.-. Comunicar ao instrutor a iniciación do expediente con traslado de cantas actuacións existan respecto diso e simultaneamente, notificar a presente resolución (de selo caso ao denunciante) aos interesados, indicándolles que disporán dun prazo de QUINCE DÍAS para achegar cantas alegacións, documentos e información estimen convenientes e, no seu caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse, quedando o expediente a súa disposición na oficina de Urbanismo, advertindo aos interesados de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN.

SEXTO.- Advertir aos interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.



Concello de Cangas

SÉTIMO.- Notifíquese o acordo aos interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra a esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime mais conveniente”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente ao expediente de sanción por infracción urbanística nº 41/2015-S.

5.C) PROPOSTA DO INSTRUTOR S/EXPEDIENTE DE INFRACIÓN URBANÍSTICA Nº 48/2011-S

Dáse conta de proposta do instrutor do día 28.11.2016, referente ao expediente de infracción urbanística nº 48/2011-S, que é como segue:

"PROPOSTA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

EXPEDIENTE Nº 48/2011-S

De conformidade co art. 8 do R.d. 1398/93, de 4 de agosto, e visto o xustificante de pagamento de data 25 de novembro do 2016, de R.R.A. en relación co expediente de sanción por infracción urbanística nº 48/2011-S seu nome.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes de sanción en materia de disciplina urbanística, proponho á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Declarar terminado o procedemento de sanción incoado a R.R.A. por ter realizado no lugar de Menduíña-Aldán, as obras de instalación de postes de formigón de tendido aéreo para dar subministración de corrente eléctrica a un predio”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta do instrutor transcrita anteriormente, referente ao expediente de sanción por infracción urbanística nº 48/2011-S.

6º.- INFORMES DA OFICINA DE REHABILITACIÓN S/ACTUACIÓNS NO CASCO HISTÓRICO DE CANGAS

6.A) INFORME S/FINAIS DE OBRA DAS ACTUACIÓNS REHABILITADAS DO CASCO HISTÓRICO



Concello de Cangas

Dáse conta de informe emitido o día 30.11.2016 pola arquitecta da Oficina de Rehabilitación, referente aos finais das obras realizadas no Casco da 11ª Fase.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar o informe emitido pola arquitecta da Oficina de Rehabilitación, referente aos finais das obras realizadas no Casco Histórico de Cangas correspondentes á 11ª Fase.

6.B) INFORME S/DENEGACIÓN DE AXUDAS POR INCUMPRIMENTO DE PRAZOS

Dáse conta de informe emitido o día 30.11.2016 pola arquitecta da Oficina de Rehabilitación, referente á denegación de axudas por incumprimento dos prazos sinalados no remate das obras realizadas no Casco Histórico de Cangas, correspondentes á 11ª Fase.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar o informe emitido pola arquitecta da Oficina de Rehabilitación, referente á denegación de axudas por incumprimento dos prazos sinalados no remate das obras realizadas no Casco Histórico de Cangas, correspondentes á 11ª Fase.

6.C) INFORME S/REMATE E PECHE DA 11ª FASE DAS ACTUACIÓNS DO CASCO HISTÓRICO

Dáse conta de informe emitido o día 30.11.2016 pola arquitecta da Oficina de Rehabilitación, referente ao remate e peche das obras realizadas no Casco da 11ª Fase, que é como segue:

"DATOS PERSOAIS DO INFORMANTE

*Nome e apelidos: Mª Isabel Medraño Fariña
Cargo que ostenta: arquitecta da Oficina de Rehabilitación.*

FEITOS QUE MOTIVAN O INFORME

REMATE E PECHE DA 11ª FASE

INFORME QUE EMITE:

Primeiro.- En data 27.10.2015 asínase acordo da Comisión Bilateral (R.d. 233/2013, de 5 de abril), referente a Área de Rexeneración e Renovación Urbana do Casco Vello de Cangas, segundo o Plan estatal de fomento de aluguer de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación



Concello de Cangas

urbanas 2013-2016-ANUALIDADE 2015), no que se concedeu actuacións para 15 vivendas.

Segundo.- Ningunha das solicitudes recibidas foi excluída.

Terceiro.- Para a 11ª Fase foron aceptadas 15 actuacións, ao día da data, das 15 actuacións tramitadas ao remate da fase cumpriron obxectivos e remataron 13 actuacións, 2 actuacións non cumpriron cos prazos sinalados para os remates das obras, segundo as condicións establecidas na ordenanza municipal e no convenio asinado.

O orzamento total protexido para as 15 actuacións aceptado pola Consellería de vivenda e solo era de douscentos vinte e un mil cincocentos setenta e un euros con corenta e catro céntimos (221.571,44 €), para rehabilitación, vinte oito mil cincocentos setenta e un euros con corenta e catro céntimos (28.571,44 €), para urbanización e reurbanización. O custo total das actuacións establécese en douscentos sesenta e oito mil douscentos euros con tres céntimos (268.200,03 €) que inclúe dezaoto mil cincuenta e sete euros con quince céntimos (18.057,15 €) para financiar os gastos do equipo técnico de xestión.

Cuarto.- Segundo o anteriormente exposto dáse por finalizada a Fase 11ª e achégase para a súa aprobación a táboa de peche 11ª Fase, cos datos económicos definitivos dos beneficiarios das axudas”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar o informe emitido pola arquitecta da Oficina de Rehabilitación, referente ao remate e peche das obras realizadas no Casco da 11ª Fase.

FACENDA

7º.- INFORMES S/DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

7.A) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

Examinados os informes emitidos pola Tesourería Municipal, referente a diversas solicitudes de devolución de garantías por realización de obras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, e de conformidade cos informes favorables da Tesourería Municipal, acorda aprobar as solicitudes de devolución de garantías aos seguintes solicitantes:



Concello de Cangas

SOLICITANTE	GARANTÍA	IMPORTE	OBXECTO
EKIPO	FIANZA	1.200,00 €	SUBMINISTRACIÓN DE LOTE DE MATERIAL PARA O EQUIPAMENTO DA GARDERÍA MUNICIPAL

SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE

8º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE ALTAS E BAIXAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 05.12.2016, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Vista da solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a Xefatura de Servizo do Centro Municipal de Benestar Social, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:

** Concederlle a ampliación do Servizo de Axuda a Domicilio a M.V.O., con expediente nº 36008/01/002966-46278, pola quenda de dependencia e de acordo aos seguintes detalles:*

Prestacións:

- Atencións de carácter persoal.*
- Atencións de carácter psicosocial.*
- Atencións de carácter doméstico.*

Número de horas mensuais: 60 horas.

Custe total do servizo: setecentos trinta e cinco con sesenta euros 735,60 € (doce euros con vinte e seis céntimos (12,26 €/hora).

O cómputo da capacidade económica mensual, facilitada polo órgano de valoración da Xunta é de cincocentos setenta e nove euros con setenta e seis céntimos (579,76 €), cunha achega económica da persoa usuaria sobre o custo do servizo de un euro con vinte e dous céntimos (1,22 €/hora).



Concello de Cangas

Achega económica da persoa usuaria: setenta e tres euros con vinte céntimos (73,20 €/mes)".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

9º.- PROPOSTA S/RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE AXUDAS ECONÓMICAS DE EMERXENCIA SOCIAL

9.A) PROPOSTA DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL

Examinada a proposta do concelleiro de servizos sociais, igualdade e sanidade, do día 02.09.2016, relativa á concesión de axuda económica de emerxencia social, que di:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Don Tomás Hermelo Álvarez en calidade de concelleiro de servizos sociais, igualdade e sanidade do Concello de Cangas.

En relación á solicitude de axuda económica de emerxencia social presentada por M.C.R.M. e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, proponse a seguinte resolución:

** Concesión de axuda económica de cincocentos corenta e oito euros con cincuenta e cinco céntimos (548,55 €)".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

9.B) PROPOSTA DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL

Examinada a proposta do concelleiro de servizos sociais, igualdade e sanidade, do día 05.12.2016, relativa á concesión de axuda económica de emerxencia social, que di:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Don Tomás Hermelo Álvarez en calidade de concelleiro de servizos sociais, igualdade e sanidade do Concello de Cangas.



Concello de Cangas

En relación á solicitude de axuda económica de emerxencia social presentada por I.A.A. e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, proponse a seguinte resolución:

** Concesión de axuda económica de seiscentos euros (600,00 €)“.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

CONTRATACIÓN

10º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE CORRESPONDENTE Á OBRA “RENOVACIÓN URBANA RÚAS HOSPITAL, LÚA E LIRIO”

Examinado o informe-proposta do plan de seguridade e saúde emitido o día 02.12.2016 pola coordinadora de seguridade e saúde da obra “RENOVACIÓN URBANA RÚAS HOSPITAL, LÚA E LIRIO”, a arquitecta M^a Isabel Medraño Fariña, que é como segue:

“INFORME DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE

OBRA: RENOVACIÓN URBANA RÚAS HOSPITAL-LÚA-LIRIO (PAVIMENTACIÓN E SERVIZOS) CANGAS

ADXUDICATARIO: ‘SESTRAMA-09 SL’

ASUNTO: INFORME PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE

M^a ISABEL MEDRAÑO FARIÑA, COMO COORDINADORA DE SEGURIDADE E SAÚDE DURANTE A EXECUCIÓN DAS OBRAS DO EPÍGRAFE

INFORMA:

1) A empresa ‘SESTRAMA-09 SL’, adxudicataria das obras do epígrafe, presenta o plan de seguridade e saúde, en cumprimento do establecido no artigo 7 do rd 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción (boe 25-10-1997).

2) O mencionado plan axústase ao estipulado na lexislación vixente e polo tanto a técnica que subscribe, o informa favorablemente e propón a súa aprobación“.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar



Concello de Cangas

integramente o informe-proposta transcrito anteriormente, do plan de seguridade e saúde emitido pola coordinadora de seguridade e saúde da obra "RENOVACIÓN URBANA RÚAS HOSPITAL, LÚA E LIRIO".

11º.- PROPOSTAS DE APROBACIÓN DE CONTAS XUSTIFICATIVAS

11.A) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA CONSELLERÍA DE SANIDADE PARA O COFINANCIAMENTO DE PROXECTOS DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS E CONDUTAS ADITIVAS 2015-2017

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 01.12.2016, referente a aprobación da conta xustificativa da subvención concedida pola Consellería de Sanidade para o cofinanciamento de proxectos de prevención de drogodependencias e condutas aditivas 2015-2017, que é como segue:

"PROPOSTA

APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA CONSELLERÍA DE SANIDADE PARA O COFINANCIAMENTO DE PROXECTOS DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS E CONDUTAS ADITIVAS 2015-2017

Vista a memoria redactada polo técnico municipal en prevención de drogodependencias, Alberto Casqueiro Iglesias, dos programas e actividades desenvolvidos no período subvencionado do 1 de xuño de 2016 ata ao 31 de outubro de 2016.

Vista a certificación da Intervención Municipal na que fai constar o seguinte:

'Que os datos consignados a continuación son certos e que na contabilidade do Concello de Cangas están os documentos xustificativos deles, que quedan á disposición da Consellería de Sanidade e demais institucións contempladas na lexislación para calquera comprobación que se requira efectuar'.

Propoño á Xunta de Goberno Local:

** Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida pola Consellería de Sanidade para o cofinanciamento de proxectos de prevención de drogodependencias e condutas aditivas do 1 de xuño de 2016 ata o 31 de outubro de 2016, polo importe total de vinte mil trescentos setenta e dous euros con doce céntimos (20.372,12 €), por terse cumprido coa finalidade da subvención concedida, por estar todos os datos que se xustifican contabilizados, de conformidade co seguinte:*



Concello de Cangas

Mes-ano do técnico, A.C. I.	Importe salario bruto	Data recoñecemento e data de pagamento nómina	Importe Seguridade Social	Data recoñecemento e data pagamento S.S.
Xuño-extra2016	1.869,55	15/06/2016 15/06/2016	---	---
Xuño-2016	2.188,84	26/06/2016 29/06/2016	796,83	29/07/2016 29/07/2016
Xullo-2016	2.252,30	29/07/2016 29/07/2016	796,83	30/08/2016 31/08/2016
Agosto-2016	2.188,84	25/08/2016 25/08/2016	796,83	28/09/2016 28/09/2016
Setembro-2016	2.188,84	28/09/2016	796,83	31/10/2016
Outubro-2016	2.188,84	27/10/2016	796,83	30/11/2016
Suma de xuño a outubro 2016	12.877,21	---	3.984,15	---
Acredor e CIF	Concepto	Nº factura e data de emisión	Importe	Data de recoñecemento e data pagamento
Ameiro G36326858	Escola de Pais-Gardería 2º trimestres 2016	Factura nº 03/16	2.240,00	22/06/2016 19/07/2016
Ameiro G36326858	Reforzo educativo 2º trimestre 2016	Factura nº 04	950,00	07/07/2016 19/07/2016
SUMA			3.190,00	

Que para a mesma finalidade non foi solicitada nin obtida subvención ningunha doutras entidades públicas ou privadas, polo que o único importe que se vai percibir para esta actividade é o concedido a través desta subvención”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita da Alcaldía, referente a aprobación da conta xustificativa da subvención concedida pola Consellería de Sanidade para o cofinanciamento de proxectos de prevención de drogodependencias e condutas aditivas 2015-2017.

11.B) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA AXUDA CONCEDIDA MEDIANTE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E O CONCELLO DE CANGAS PARA A CONTINUIDADE DO FUNCIONAMIENTO DO CENTRO SOCIOCOMUNITARIO DE CANGAS 2016

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 02.12.2016, referente a aprobación da conta xustificativa da axuda concedida mediante convenio de colaboración



Concello de Cangas

entre a Consellería de Política Social e o Concello de Cangas, para a continuidade do funcionamento do centro sociocomunitario de Cangas 2016, que é como segue:

"PROPOSTA

APROBAR A CONTA XUSTIFICATIVA DA AXUDA CONCEDIDA MEDIANTE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E O CONCELLO DE CANGAS PARA A CONTINUIDADE DO FUNCIONAMENTO DO CENTRO SOCIOCOMUNITARIO DE CANGAS 2016

Asinado en data do 16.09.2016 o convenio de colaboración entre a Comunidade Autónoma Galega, a través da Consellería de Política Social e o Concello de Cangas, para a continuidade do funcionamento do Centro Sociocomunitario de Cangas, cun financiamento por parte da Consellería de vinte e dous mil euros (22.000,00 €) para o ano 2016, para os gastos derivados da contratación por parte do Concello dos servizos de limpeza do inmoble no que se sitúa o centro sociocomunitario, agás as instalacións da cafetería.

Visto o informe do director do Centro Municipal de Benestar Social, conforme que os traballos da empresa adxudicataria do servizo se realizaron dun xeito satisfactorio.

Vista a certificación da Intervención Municipal, conforme que os gastos contabilizados con cargo á axuda conveniada ascenden a un total de dezaioito mil oitocentos cincuenta e cinco euros con oitenta e sete céntimos (18.855,87 €).

Esta Alcaldía, propón á Xunta de Goberno Local:

** Aprobar a conta xustificativa da axuda concedida mediante convenio de colaboración entre a Comunidade Autónoma Galega, a través da Consellería de Política Social e o Concello de Cangas para a continuidade do funcionamento do Centro Sociocomunitario de Cangas 2016, polo importe total de dezaioito mil oitocentos cincuenta e cinco euros con oitenta e sete céntimos (18.855,87 €), da limpeza de dito centro, correspondente aos meses de xaneiro a novembro, de conformidade co seguinte:*

- Que os gastos totais soportados por esta entidade imputables á actuación conveniada LIMPEZA DO CENTRO SOCIOCOMUNITARIO DE CANGAS son os que se relacionan a continuación:*



Concello de Cangas

Acredor/a CIF	Nº factura	Importe	Mes	Data Recoñece- mento Obriga	Data pagamento
MULTISERGA S.L. B36944007	16-000002	1.714,17	Xaneiro-2016	23/02/2016	03/03/2016
MULTISERGA S.L. B36944007	16-000004	1.714,17	Febreiro- 2016	09/03/2016	16/03/2016
MULTISERGA S.L. B36944007	16-000006	1.714,17	Marzo-2016	15/04/2016	22/04/2016
MULTISERGA S.L. B36944007	16-000008	1.714,17	Abril-2016	18/05/2016	27/05/2016
MULTISERGA S.L. B36944007	16-000010	1.714,17	Maio-2016	22/06/2016	28/06/2016
MULTISERGA S.L. B36944007	16-000011	1.714,17	Xuño-2016	14/07/2016	22/07/2016
MULTISERGA S.L. B36944007	16-000013	1.714,17	Xullo-2016	19/08/2016	30/08/2016
MULTISERGA S.L. B36944007	16-000015	1.714,17	Agosto-2016	13/09/2016	21/09/2016
MULTISERGA S.L. B36944007	16-000017	1.714,17	Setembro 2016	19/10/2016	27/10/2016
MULTISERGA S.L. B36944007	16-000019	1.714,17	Outubro- 2016	17/11/2016	22/11/2016
MULTISERGA S.L. B36944007	16-000021	1.714,17	Novembro- 2016	02/12/2016	02/12/2016
TOTAL		18.855,87			

- Tomouse razón na contabilidade na partida 231-22700-01 do orzamento 2016.



Concello de Cangas

- *Cumpríuse a finalidade da axuda concedida aplicándose ao fin concedido”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita da Alcaldía, referente a aprobación da conta xustificativa da axuda concedida mediante convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e o Concello de Cangas, para a continuidade do funcionamento do centro sociocomunitario de Cangas 2016.

11.C) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN PARA EXECUCIÓN DO PROXECTO DE “ACONDICIONAMENTO PARA UNHA IMAXE COMÚN DO MERCADO”

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 29.11.2016, referente a aprobación da conta xustificativa da subvención para execución do proxecto de “ACONDICIONAMENTO PARA UNHA IMAXE COMÚN DO MERCADO”, que é como segue:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN PARA EXECUCIÓN DO PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO PARA UNHA IMAXE COMÚN DO MERCADO

EXPEDIENTE: IN223A-2016

Que en relación coa subvención concedida a este Concello polo importe de trinta e tres mil catrocentos setenta e oito euros con setenta céntimos (33.478,70 €) ao abeiro da Orde do 15 de xuño de 2016, da Consellería de Economía, Emprego e Industria (Dirección Xeral de Comercio) que establece as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións aos concellos galegos e ás asociacións de persoas praceiras dos mercados e prazas de abastos para a consecución de mercados de excelencia e se procede á súa convocatoria para o ano 2016, co código de procedemento IN223A, segundo a seguinte desagregación:

Proxecto	Investimento subvencionable	Importe subvención Xunta	Porcentaxe subvencionable
<i>SERVIZOS PARA OS CLIENTES E ESPAZOS MULTIFUNCIONAIS</i>	<i>25.062,14 €</i>	<i>17.543,15 €</i>	<i>70%</i>



Concello de Cangas

Vista a documentación que consta no expediente, entre outra, certificación da secretaria, certificación da Intervención e documentación do desenvolvemento do curso de Mentoring Comercial na Praza de Abastos de Cangas, RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención para a execución do 'Proxecto de servizos para os clientes e espazos multifuncionais' polo importe total de 25.062,14 euros, por terse cumprido coa finalidade da axuda concedida aplicándose os fondos ao destino concedido, tomado razón na contabilidade na partida 2016/0/431-622 e terse desenvolvido o curso de Mentoring Comercial na Praza de Abastos de Cangas, do día 7 de novembro ao 21 de novembro de 2016, en horario de 9,00 horas a 15,00 horas, con once participantes e de conformidade co seguinte:

- Certificación única e factura nº 270 polo importe de vinte e cinco mil sesenta e dous euros con catorce céntimos (25.062,14 €), aprobada por Xunta de Goberno Local de data do 28.11.2016 e pagada en data do 29.11.2016 mediante transferencia bancaria á empresa adxudicataria 'CIVIS GLOBAL SLU'.*
- Acta de Recepción da obra, asinada en data do 28.11.2016 e aprobada por Xunta de Goberno Local de data do 28.11.2016.*

Segundo.- Declarar que o Concello de Cangas para execución do 'Proxecto de servizos para os clientes e espazos multifuncionais', polo importe total de vinte e cinco mil sesenta e dous euros con catorce céntimos (25.062,14 €), non solicitou nin lle foi concedida ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada que esta que se xustifica.

Terceiro.- Dar conta desta Resolución na vindeira Xunta de Goberno Local que se realice".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita da Alcaldía, referente a aprobación da conta xustificativa da subvención para execución do proxecto de "ACONDICIONAMENTO PARA UNHA IMAXE COMÚN DO MERCADO".

11.D) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN PARA EXECUCIÓN DO PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO PARA UNHA IMAXE COMÚN DO MERCADO

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 29.11.2016, referente a aprobación da conta xustificativa da subvención para execución do proxecto de "ACONDICIONAMENTO PARA UNHA IMAXE COMÚN DO MERCADO", que é como segue:



Concello de Cangas

"RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN PARA EXECUCIÓN DO PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO PARA UNHA IMAXE COMÚN DO MERCADO

EXPEDIENTE: 1N223A-2016

Que en relación coa subvención concedida a este Concello polo importe de trinta e tres mil catrocentos setenta e oito euros con setenta céntimos (33.478,70 €) ao abeiro da Orde do 15 de xuño de 2016, da Consellería de Economía, Emprego e Industria (Dirección Xeral de Comercio) que establece as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións aos concellos galegos e ás asociación de persoas praceiras dos mercados e prazas de abastos para a consecución de mercados de excelencia e se procede á súa convocatoria para o ano 2016 co código de procedemento 1N223A, segundo o seguinte desagregación:

Denominación Proxecto	Investimento subvencionable	Importe subvención Xunta Porcentaxe subvencionable	Importe achega Concello
ACONDICIONAMENTO PARA UNHA IMAXE COMÚN DO MERCADO	47.826,71 €	33.478,70 €	14.348,01 €

Vista a documentación que consta no expediente, entre outra, certificación da secretaria, certificación da Intervención e documentación do desenvolvemento do curso de Mentoring Comercial na Praza de Abastos de Cangas, RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a conta xustificativa da subvención para a execución do - Proxecto de acondicionamento para unha imaxe común do Mercado- polo importe total de corenta e sete mil oitocentos vinte e seis euros con setenta e un céntimos (47.826,71 €), por terse cumprido coa finalidade da axuda concedida aplicándose os fondos ao destino concedido, tomado razón na contabilidade na partida 2016/0/431-622 e terse desenvolvido o curso de Mentoring Comercial na Praza de Abastos de Cangas, do día 7 de novembro ao 21 de novembro de 2016 en horario de 9,00 horas a 15,00 horas, con once participantes e de conformidade co seguinte:

- Certificación nº 1 e factura nº 260, polo importe de dezaseis mil trescentos oitenta e catro euros con noventa e un céntimos (16.384,91 €), aprobada por Xunta de Goberno Local de data do 21.11.2016 e pagada en data do 28.11.2016 mediante transferencia bancaria á empresa adxudicataria 'CIVIS GLOBAL SLU'.



Concello de Cangas

- *Certificación nº 2-liquidación e factura nº 269, polo importe de trinta e un mil catrocentos corenta e un euros con oitenta céntimos (31.441,80 €), aprobado por Xunta de Goberno Local de data do 28.11.2016 e pagada en data do 29.11.2016 mediante transferencia bancaria á empresa adxudicataria 'CIVIS GLOBAL SLU', con CIF nº 366684157.*
- *Acta de recepción da obra, asinada en data do 28.11.2016 e aprobada por Xunta de Goberno Local de data do 28.11,2016.*

Segundo.- Declarar que o Concello de Cangas para execución do Proxecto de acondicionamento para unha imaxe común do Mercado, polo importe total de corenta e sete mil oitocentos vinte e seis euros con setenta e un céntimos (47.826,71 €), non solicitou nin lle foi concedida ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada que esta que se xustifica.

Terceiro.- Dar conta desta resolución na vindeira Xunta de Goberno Local que se realice”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita da Alcaldía, referente a aprobación da conta xustificativa da subvención para execución do proxecto de “ACONDICIONAMENTO PARA UNHA IMAXE COMÚN DO MERCADO”.

12º.- DACIÓN DE CONTA DE ESCRITO DA CONSELLERÍA DE FACENDA S/REMISIÓN DE INFORME PROVISIONAL DE CONTROL FINANCEIRO DO CONVENIO CO CONCELLO DE CANGAS PARA O PLAN ESPECIAL DE ADECUACIÓN DE LIÑAS ELÉCTRICAS

Dáse conta de escrito do día 21.11.2016 da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma da Consellería de Facenda, referente á remisión de informe provisional de control financeiro unha vez realizados os traballos de campo pola empresa auditoría “DELOITTE, SL”, todo isto correspondente á actuacións do convenio co Concello de Cangas para o Plan especial de adecuación de liñas eléctricas, en execución do Plan de control financeiro de 2016, aprobado de conformidade co disposto no artigo 107 do D.L. 1/1999, de 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do réxime financeiro e orzamentario de Galicia, de acordo co previsto no artigo 94 do mencionado texto e co obxecto e alcance establecido no artigo 44 da Lei 9/2007, de 13 de xullo, de subvencións de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda tomar



Concello de Cangas

coñecemento de escrito da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma da Consellería de Facenda, referente ao informe provisional de control financeiro da empresa auditoría "DELOITTE, SL".

DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL

13º.- ESCRITO DE MARÍA ROSA PAZOS MIRANDA S/CONCESIÓN DE PRÓRROGA PARA RETIRADA DE CÁMARA FRIGORÍFICA DA PRAZA DE ABASTOS MUNICIPAL

Dáse conta de escrito de data 25.11.2016 presentado por M.R.P.M., referente a solicitude de concesión de prórroga para retirada de cámara frigorífica da Praza de Abastos Municipal, ordenada por Decreto da Alcaldía de data 10 de novembro de 2016.

Dáse conta, así mesmo, de Decreto da Alcaldía de data 07.12.2016, referente ao proceso de seguimento de retirada da cámara frigorífica, que di o seguinte:

"DECRETO DA ALCALDÍA

Vista a Resolución da Alcaldía de data 26.11.2016, pola que se acordou iniciar expediente dirixido á execución subsidiaria da orde dirixida a M.R.P.M., pola que se requiría a retirada da cámara frigorífica que mantiña no primeiro andar da Praza de Abastos nun prazo de dez días.

Visto o informe da conserxe da Praza de Abastos Municipal, con data de entrada no rexistro do 30.11.2016, no que manifesta que R.P. xa procedeu á retirada da cámara frigorífica.

Tendo polo tanto por executada a orde que lle fora notificada no seu día, cómpre dar por rematado o proceso de execución subsidiaria iniciado, polo que, en aplicación das competencias que me outorga a lexislación vixente, DISPOÑO:

PRIMEIRO.- Arquivar o expediente dirixido á execución subsidiaria da resolución desta Alcaldía pola que se ordenaba a M.R.P.M. á retirada da cámara frigorífica.

SEGUNDO.- Dar traslado á interesada da presente resolución xunto cos recursos procedentes".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda tomar coñecemento do escrito da Sra. P.M., así como, do Decreto da Alcaldía transcrito anteriormente, no que se resolve o arquivo do expediente para a



Concello de Cangas

execución subsidiaria da resolución da Alcaldía de orde de retirada de cámara frigorífica.

MEDIO AMBIENTE E TURISMO

14º.- ESCRITO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA S/CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E OS CONCELLOS DE BAIONA, BUEU, CANGAS, A GUARDA, A ILLA DE AROUSA, MARÍN, NIGRÁN, PONTE CALDELAS E VIGO, PARA LEVAR A CABO ACTUACIÓNS EN SENDEIROS AZUIS (ROTEIRO DE DONÓN)

Dáse conta de escrito do día 24.11.2016 da Deputación Provincial de Pontevedra, referente a informe favorable da modificación do convenio marco de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e os concellos de Baiona, Bueu, Cangas, A Guarda, A Illa de Arousa, Nigrán, Ponte Caldelas, Sanxenxo e Vigo, para levar a cabo actuacións en sendeiros azuis, sendo o Roteiro de Donón no Concello de Cangas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación do convenio marco de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e os concellos de Baiona, Bueu, Cangas, A Guarda, A Illa de Arousa, Nigrán, Ponte Caldelas, Sanxenxo e Vigo, para levar a cabo actuacións en sendeiros azuis (Roteiro de Donón no Concello de Cangas).

SEGUNDO.- Facultar ao Sr. alcalde para a sinatura do convenio modificado.

CULTURA E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

15º.- DACIÓN DE CONTA DE SINATURA DE CONTRATO PRIVADO DE ACTUACIÓN PARA O ESPECTÁCULO DE "TARTUFO" PRODUCIDO POLO CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

Dáse conta de remisión de contrato privado de actuación o día 17 de decembro do espectáculo "TARTUFO", producido polo Centro Dramático Galego, asinado entre a Consellería de Cultura e o Concello de Cangas o día 23 de novembro de 2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:



Concello de Cangas

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da sinatura de contrato privado para actuación o día 17 de decembro do espectáculo "TARTUFO", producido polo Centro Dramático Galego, asinado entre a Consellería de Cultura e o Concello de Cangas o día 23 de novembro de 2016.

SEGUNDO.- Dar traslado do acordo de referencia xunto coa copia do contrato aos departamentos de Intervención, Concellería de Cultura e Auditorio Municipal.

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/das Sres./Sras. concelleiros/concelleiras asistentes, (art. 83 Rd 2568/1986, de 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL PARA A REALIZACIÓN DE MERCADO EXTRAORDINARIO DE VENDA AMBULANTE

Dáse conta de proposta do día 05.12.2016 da concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local para a realización de mercado extraordinario de venda ambulante, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL PARA A REALIZACIÓN DE MERCADO EXTRAORDINARIO DE VENDA AMBULANTE

A pedimento da presidenta da 'Asociación de Venda Ambulante do Morrazo' (ASVAM), M.C.V.S., quen solicita por rexistro de entrada nº 16234, de data 29 de novembro de 2016, a realización dun mercado extraordinario o martes 6 de decembro de 2016.

Propoño á Xunta de Goberno Local adoptar o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Estimar a solicitude da asociación 'ASVAM' e aprobar a realización de dito mercado extraordinario de venda ambulante o día 6 de decembro de 2016.

Segundo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Tesourería e concellería de Desenvolvemento Económico e Emprego Local".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de



Concello de Cangas

Desenvolvemento Económico e Emprego Local para a realización de mercado extraordinario de venda ambulante para o día 6 de decembro de 2016.

B) SOLICITUDE DE "ALDEAS INFANTILES" S/AUTORIZACIÓN MUNICIPAL PARA INSTALACIÓN DE POSTO NO MERCADIÑO MUNICIPAL

Vista a solicitude presentada o día 29.11.2016 por R.R.D., directora da Escola Infantil Caracol de Cangas, na que indica que por terceiro ano consecutivo teñen a intención de organizar un mercadiño benéfico para o día 23 de decembro de 10,00 ás 15,00 horas, que constará coa instalación de stands no Eirado do Señal e a recadación que se obteña será entregada a "ALDEAS INFANTILES", polo que solicita o corte do tráfico rodado durante o tempo que dure o evento.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

Primeiro.- Aprobar integramente a solicitude da Sra. R.D., referente a instalación de mercadiño benéfico para o día 23 de decembro de 10,00 a 15,00 horas, no Eirado do Señal.

Segundo.- Que pola Policía Local se proceda a cortar o tráfico rodado na zona durante o tempo que dure o evento.

C) SOLICITUDE DE ALUMNOS/ALUMNAS DA UNIVERSIDADE DE VIGO S/AUTORIZACIÓN MUNICIPAL PARA REALIZACIÓN DE MERCADIÑO DE ARTE

Vista a solicitude presentada o día 24.10.2016 por I.G.O., no que no seu nome e con A.P.T. e R.G.A. (responsables do evento), alumnado da Facultade de Belas Artes de Pontevedra da Universidade de Vigo, na que demandan autorización municipal para a realización dun mercadiño de arte para o día 17 de decembro de 10,00 horas a 18,00 horas, a instalar na Praza de Abastos Municipal de Cangas, para o que necesitarían espazo libre con mesas e punto de corrente eléctrica para poder conectar material musical para amenizar o evento, así como a cesión de unha hora máis tanto pola mañá como pola tarde (para a montaxe e recollida do material).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a solicitude de I.G.O., A.P.T. e R.G.A. (responsables do evento) e concederlles autorización municipal para a instalación de mercadiño de arte o día 17 de decembro de 10,00 horas a 18,00 horas, a instalar na Praza de Abastos Municipal de Cangas.



Concello de Cangas

D) SOLICITUDE DE V.V.C. S/CONCESIÓN DE DEMANIAL DE NICHOS NO CEMITERIO MUNICIPAL DE ALDÁN

Vista a solicitude presentada por V.V.C., con enderezo en Rúa Antonexas, nº 3-Nigrán-Pontevedra, na que demanda a tramitación do correspondente documento no que se lle acredite a cesión administrativa de un (1) nicho sito no bloque N, panteón nº 29-letra B, do Cemiterio de Aldán.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a solicitude da Sra. V.C., para concesión de un (1) nicho no Cemiterio de Aldán.

SEGUNDO.- Que polos departamentos correspondentes se proceda á tramitación do correspondente documento de cesión administrativa de un (1) nicho sito no bloque N, panteón nº 29-letra B, do Cemiterio de Aldán.

E) APROBACIÓN DE FACTURA E ACTA DE RECEPCIÓN DO CONTRATO DE "SUBMINISTRACIÓN DE UN VEHÍCULO QUAD PARA RECOLLIDA DE RESÍDUOS (LOTE 2)"

Examinada a factura nº 6168 da empresa "BAYGAR, SL", do día 14.09.2016 e a acta de recepción do día 30.09.2016, correspondentes ao contrato de "Subministración de un vehículo QUAD para recollida de residuos (Lote 2)", que ascende a un importe total de sete mil douscentos sesenta euros (7.260,00 €).

Dáse conta, así mesmo, de informe favorable emitido o día 05.12.2016 pola Intervención Municipal.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda:

Primeiro.- Aprobar a factura nº 6168 da empresa "BAYGAR, SL", así como a acta de recepción, correspondentes ao contrato de "Subministración de un vehículo QUAD para recollida de residuos (Lote 2)".

Segundo.- Recoñecer a obriga a favor da empresa "BAYGAR, SL", da factura nº 6168 do día 14.09.2016, correspondente ao contrato de "Subministración de un vehículo QUAD para recollida de residuos (Lote 2)", que ascende a un importe total de sete mil douscentos sesenta euros (7.260,00 €).

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo á Intervención Municipal, Tesourería, Subvencións, así como á empresa adxudicataria.



Concello de Cangas

F) RENUNCIA DE SUBVENCIÓN DA CONSELLERÍA DE CULTURA S/ARTES ESCÉNICAS

Visto que por parte da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, se concedeu unha subvención por importe de seiscentos quince euros con sesenta e catro céntimos (615,64 €), ao Concello de Cangas para o proxecto denominado "PROXECTO ORQUESTRAL", ao abeiro da Orde do 26 de abril de 2016, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva de subvencións a institucións sen fins de lucro, entidades locais galegas e agrupacións de concellos, destinadas ao financiamento de gastos correntes derivados da realización de festivais, feiras, mostras, ciclos e certames de artes escénicas e musicais de carácter aficionado para o ano 2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda renunciar a subvención referida concedida pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, por ter obtido outra subvención para a mesma actividade.

ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace
o presidente